

MESA SECTOR R



MESA SECTORIAL DO DÍA 7 DE XUÑO DE 2018 (CONTINUACIÓN DAS DOS DÍAS 16, 22,29 e 1 DE XUÑO)

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: HOMOLOGACIÓN RETRIBUTIVA.

A Administración comeza dicindo que non nos vai a presentar ningunha oferta económica nova diferente á presentada na tarde de onte. Nos presenta un documento para o seu debate deixando claro que o calendario é algo inamovible e innegociable. O documento deixa claro que afecta a todo o profesorado, inclúe cláusula de revisión e unha cláusula de protección que establece que o posible acordo se financia cos fondos adicionais do Acordo do 22 de marzo de 2018 o cal blinda o acordo contra posibles impugnacións por parte do Estado.

A proposta da Administración é a seguinte:

- 01.10.2018: 10€
- 01.01.2019:15€
- 01.01.2020:25€€
- 01.01.2021:30€

Suba total: 80€ mensuais/1.120€ anuais.

ANPE Galicia manifesta novamente a súa intención de seguir negociando e deixa clara a súa vontade negociadora. ANPE Galicia comezou xa a solicitar apertura de negociacións retributivas en abril do ano 2015. Para mostrar ese talante negociador ANPE está disposto a mover os prazos de aplicación do calendario e propoñemos, neste senso, un primeiro prazo a 1 de setembro de 2018, un segundo prazo a 1 de xaneiro de 2019 e un último prazo a 1 de xaneiro de 2020 e lle pedimos á Administración que faga unha nova proposta. Para nós a proposta económica segue a ser insuficiente. É certo que a proposta que nos presenta a Administración nos deixa en certa posición relativa pero non é menos certo que esta posición relativa é moi endeble se temos en conta que somos a primeira Comunidade Autónoma en negociar. Pedimos claramente que a Administración manifeste se realmente quere chegar a un Acordo para poder tomar decisións. O que está claro é que ANPE seguirá pelexando para lograr acadar a restitución de todos os dereitos laborais e económicos perdidos polo profesorado galego á marxe da presente negociación de homologación retributiva.

Na segunda intervención a Administración manifesta que non ve achegamento entre a postura a súa postura e á da parte sindical. Reiteran que non é a última proposta que poden presentar pero que os movementos que se poidan producir irán en cantidades pero nunca nos prazos. Solicitan unha reflexión da parte sindical.

Na segunda intervención, ANPE manifesta dúas cuestións: hai dous momentos claros na negociación actual. O de antes do día de onte e a partir do día de onte. E facemos esta reflexión porque o día de onte marcou un cambio nas regras de xogo deste negociación ao incluír na mesma o Acordo Estatal de marzo de 2018 que ANPE considera nefasto e contra o que xa se manifestou. A Administración debe valorar o esforzo desta organización sindical que quere seguir negociando pese a este cambio nas regras de xogo que engaden un punto de incerteza. Con

todo ANPE sigue amosando o seu interese por negociar unha suba salarial para o profesorado galego que nos sitúe nos primeiros postos das táboas retributivas. Non imos a trasladar ningunha proposta diferente á que xa coñece a Administración Educativa.

A Administración marca un prazo de reflexión sen fixar nova data de celebración de Mesa Sectorial admitindo novas propostas por parte das organizacións sindicais.

Sen máis temas que tratar péchase a sesión sendo as 12:21 horas

